



INCLUSIÓN

ESTRATEGIA GALEGA DE INCLUSIÓN EDUCATIVA

»» EduInclusión 2030

Transformar a diversidade nunha oportunidade



XUNTA
DE GALICIA

EduInclusión 2030

ESTRATEGIA GALEGA DE INCLUSIÓN EDUCATIVA

TÁBOA DE CONTIDOS


1. VISIÓN	3
2. NORMATIVA	7
3. PRINCIPIOS	11
4. EIXES DE ACTUACIÓN	12
5. INDICADORES	25
6. CRONOGRAMA	32
7. BIBLIOGRAFÍA	34

1. VISION

Un sistema educativo inclusivo promove un modelo de centro educativo orientado cara ao alumnado con diferentes intereses, capacidades, estilos de aprendizaxe e motivacións, permitindo que convivan nunha contorna segura e aprendan xuntos. Supón un proceso de transformación profunda dos centros que permita garantir a igualdade de oportunidades para todo o alumnado así como o dereito de todas e todos a unha educación de calidade.

Unha verdadeira cultura inclusiva xera momentos para a aprendizaxe compartida e para as axudas persoais ou individuais, utiliza estratexias de ensinanza que se adaptan ás distintas formas de aprender das alumnas e dos alumnos, diseña propostas educativas adaptadas á realidade do alumnado e aos seus intereses, e pon ao seu dispor os medios e recursos necesarios que mellor se adecúan á singular forma que cada quen ten de enfrontarse e desenvolverse neste proceso de ensinanza e aprendizaxe, eliminando todas aquelas barreiras que poidan xerar exclusión, marxinación ou fracaso escolar, cunha especial consideración para as alumnas e alumnos máis vulnerables. É dicir, o ensino en contextos inclusivos desenvolve as potencialidades de cada quen, brindando un apoio incondicional baseado nas fortalezas de cada alumna e alumno, de modo que as diferenzas individuais se perciban coma unha oportunidade de enriquecemento mutuo e non coma un problema.

Nun axeitado enfoque de diversidade desaparece a fronteira imaxinaria entre o alumnado con e sen discapacidade. Este modelo esixe a participación das autoridades educativas, que deben establecer un marco normativo con plans e programas máis flexibles e abertos para os centros educativos, que deben organizarse de forma flexible para adaptarse ao seu contexto e ás necesidades do seu alumnado, impulsando iniciativas innovadoras, promovendo metodoloxías activas e adoptando medidas de reforzo e acompañamento educativo e das familias cuxa colaboración é clave para a vida dos centros. O concepto de comunidade educativa transcende o ámbito escolar e familiar.



A educación inclusiva é considerada un dereito humano esencial e universalmente recoñecido. Este recoñecemento responde á necesidade de reducir a desigualdade presente nas sociedades actuais, xa que garantir o dereito á educación para as persoas en situación de vulnerabilidade depende da adopción de enfoques inclusivos. Para facer efectivo este dereito, é fundamental profundar no significado e o alcance da educación inclusiva, así como identificar as barreiras e os desafíos clave que deben superarse. Esta perspectiva tradúcese no papel que ten a inclusión na normativa educativa a nivel internacional, nacional e autonómica, e xorde do recoñecemento de que o dereito á educación é un dereito humano fundamental e individual, crucial para a construción dunha sociedade democrática e xusta. A educación, neste sentido, configúrase como o principal instrumento para que as persoas accedan a dereitos sociais, económicos e culturais.

Polo tanto, debemos asegurarnos de que cada alumna e alumno acade o nivel máis alto de desenvolvemento social e persoal posible, sen que a contorna educativa, por moi variada que sexa, obstaculice a súa progresión cara ao éxito formativo, cara á excelencia. Pola contra, esa contorna debe crear un contexto de benestar, confianza, aceptación e convivencia, no que se establezan relacións de igualdade e no que se formulen obxectivos e proxectos comúns que dean lugar á cooperación, á colaboración e á interdependencia. Será nesa convivencia positiva onde se poderán deseñar medidas e accións que teñan como fin adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situación sociais e culturais de todo o alumnado.

Esta estratexia desenvólvese como reflexo do compromiso da administración cunha educación inclusiva, equitativa e de calidade, que garanta o acceso, a participación e o éxito de todo o alumnado. Esta vontade non é nova, senón que forma parte dun traballo continuo e sostido ao longo dos últimos anos. Grazas a este esforzo, Galicia estase a consolidar como un referente en educación inclusiva sendo a comunidade con maior porcentaxe de alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado en centros ordinarios, cunha taxa de abandono escolar do 10,8 % por debaixo da media nacional de España que alcanzou un 13 %, situándose no sexto posto de comunidades con menor abandono.

Nesta aposta firme pola educación inclusiva, a Xunta de Galicia puxo en marcha no curso 2024/25 o Plan de mellora educativa de Galicia (Plan MEGA) que implica unha reestruturación do sistema educativo centrada en aumentar a eficiencia, a eficacia e a equidade para garantir o éxito escolar, fomentar a cultura inclusiva, potenciar a formación docente e simplificar os procedementos administrativos.

Así, a Estratexia de inclusión educativa de Galicia, EduInclusión 2030, preséntase como un documento de referencia en inclusión educativa en Galicia, establecendo as liñas estratéxicas de actuación na nosa comunidade autónoma desde unha visión centrada en

garantir unha formación de calidade en igualdade de oportunidades. Responde ao compromiso da Xunta de Galicia de exercer a súa responsabilidade e aplicar as medidas necesarias para lograr unha educación equitativa accesible e adaptada á realidade de cada estudante, avanzando así cara a un sistema máis xusto e accesible.

Esta estratexia está estruturada en seis eixes:

» **EIXE 1. Sensibilización sobre a importancia da cultura inclusiva**

» **EIXE 2. Fomento da permanencia do alumnado no sistema educativo**

» **EIXE 3. Axuste da normativa conforme á evolución das necesidades da comunidade educativa no ámbito da inclusión**

» **EIXE 4. Optimización da xestión educativa a través da intelixencia artificial**

» **EIXE 5. Desenvolvemento das competencias profesionais docentes**

» **EIXE 6. Desenvolvemento e seguimento da Estratexia de inclusión educativa**

Con base nestes eixes establécense as actuacións para desenvolver sobre:

- › **o alumnado**
- › **o profesorado**
- › **os centros educativos**
- › **as familias**

ALUMNADO

- › Fomentando o seu desenvolvemento integral (académico, persoal, social e emocional) a través da implementación de programas educativos especializados.
- › Potenciando a presenza, a participación e o progreso de todo o alumnado.
- › Asegurando a súa preparación para afrontar os desafíos e oportunidades na súa vida profesional, persoal e social.

PROFESORADO

- › Reforzando a especialización do profesorado no ámbito da inclusión educativa.
- › Proporcionando recursos e ferramentas para a implementación dun modelo inclusivo.

CENTROS EDUCATIVOS

- › Proporcionando asesoramento especializado e recursos de apoio que lles faciliten o avance continuo na promoción da inclusión educativa.
- › Favorecendo a creación dun clima de cooperación e solidariedade entre os membros da comunidade educativa.

FAMILIAS

- › Potenciando o sentimento de pertenza ao centro educativo sen importar as características particulares.
- › Facilitando unha comunicación fluída e constante coa administración educativa.
- › Impulsando a implicación das familias no proceso de ensino e aprendizaxe dos seus fillos e das súas fillas.

2. NORMATIVA

As principais referencias normativas internacionais, nacionais e autonómicas tidas en conta para a elaboración e desenvolvemento deste plan integral son as seguintes:

EIDO INTERNACIONAL

› **Declaración de Incheon Educación 2030**

A aprobación da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible, pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas, ten unha importante repercusión no mundo educativo, presentándose unha nova visión para garantir unha educación inclusiva.

› **Estratexia sobre os dereitos das persoas con discapacidade 2021-2030, baseada na súa predecesora, a Estratexia Europea sobre Discapacidade 2010-2020**

Indica que a Axencia Europea para as necesidades educativas especiais e a inclusión educativa seguirá apoiando estas políticas educativas. Ademais, uniranse forzas coas futuras Estratexia da Unión Europea sobre os Dereitos da Infancia e a Garantía Infantil Europea co obxecto de mellorar o acceso e a calidade da educación, prestando especial interese na atención e educación da primeira infancia.

EIDO NACIONAL

› **Estratexia Española sobre a Discapacidade 2022-2030**

Comprométese a desenvolver a LOMLOE e, en particular, a Disposición adicional cuarta para avanzar cara o modelo de educación inclusiva que manda a Convención dos Dereitos das Persoas con Discapacidade, onde o alumnado con discapacidade teña presenza, progreso e participación.

› **LOMLOE (Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de modificación da LOE)**

Pon unha énfase destacada na inclusión educativa como principio fundamental do sistema educativo español. Establece que todo o alumnado, independentemente das súas características, necesidades e situacións persoais, debe ter acceso a unha educación de calidade que favoreza o seu desenvolvemento integral.

- › **Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia**

Recolle no seu artigo 35 a creación dunha figura que coordine o benestar e a protección ao alumnado que actuará baixo a supervisión da persoa que ostente a dirección ou titularidade do centro.

- › **Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación**

Reflicte no seu artigo 13 a importancia de que as administracións educativas leven a cabo as actuacións necesarias para a prevención, atención e eliminación de todas as formas de discriminación por motivos de sexo, de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual. Fomentarase a inclusión nos plans de estudo nos que procedan as ensinanzas en materia de igualdade de trato e non discriminación, tolerancia e dereitos humanos, afondando no coñecemento e respecto doutras culturas, contribuíndo á valoración das diferenzas culturais, así como o recoñecemento e a difusión da historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, para promover o seu coñecemento e reducir estereotipos.

EIDO AUTONÓMICO

- › **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006 de 3 de maio, de educación**

No que se dispón, entre outros aspectos, que a atención á diversidade se ten que desenvolver no marco dos principios de normalización e inclusión, considerando a diversidade como un elemento enriquecedor para a sociedade; que entre as medidas ordinarias de atención á diversidade se contemplan metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión; que se concibe a formación do profesorado, a coordinación, o traballo en equipo e a innovación educativa como factores favorecedores da calidade na atención á diversidade, e que os centros deberán desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.

- › **Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**

Desenvolveu polo miúdo os principios de inclusión e convivencia que trasladou o citado decreto.

- › **Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- › **Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.**
- › **Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- › **Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.**
- › **Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- › **Decreto 117/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- › **Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.**
- › **Orde do 9 de agosto de 2023 pola que se amplía a relación de materias optativas da educación secundaria obrigatoria e se establece o seu currículo.**
- › **Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- › **Decreto 118/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.**

- › **Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro,** polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- › **Orde do 13 de febreiro de 2023** pola que se establece o currículo das materias optativas do bacharelato e se regula a súa oferta.
- › **Orde do 9 de agosto de 2023** pola que se amplía a relación de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo.

3. PRINCIPIOS

A continuación preséntanse os principios fundamentais que orientan esta estratexia co fin de avanzar cara a un modelo de escola plenamente inclusiva:

PREVENCIÓN

A prevención como principio inclusivo garante que se identifiquen e atendan anticipadamente as condicións que dificultan a aprendizaxe do alumnado antes de que estas situacións deriven en fracaso escolar ou en abandono.

EQUIDADE EDUCATIVA

A inclusión educativa entendida como un dereito é determinante para garantir a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento integral de cada alumna ou alumno. O sistema educativo debe ofrecer un entorno que recoñeza e valore a diversidade, permitindo que todo o alumnado desenvolva as súas potencialidades.

ACCESIBILIDADE UNIVERSAL

O avance na igualdade de oportunidades incorporando unha mirada inclusiva nos programas educativos que termine coas barreiras que dificulten a participación do alumnado máis vulnerable.

PARTICIPACIÓN E CORRESPONSABILIDADE EDUCATIVA

O recoñecemento de que a calidade educativa non depende exclusivamente da escola ou do docente, senón da participación activa de todos os axentes que interveñen no sistema educativo, fundamental para favorecer contextos inclusivos e respectuosos coa diversidade do alumnado. Cando administracións, familias e profesorado colaboran desde a corresponsabilidade créanse condicións máis xustas e equitativas que permiten o desenvolvemento pleno das persoas, tanto no plano académico como no persoal e social.

4. EIXES DE ACTUACIÓN

EIXE 1. SENSIBILIZACIÓN SOBRE A IMPORTANCIA DA CULTURA INCLUSIVA

- » **L.1.** Promoción da participación activa no desenvolvemento da cultura inclusiva nos centros educativos.
- » **L.2.** Recoñecemento da implementación de modelos educativos de éxito nos centros docentes.

EIXE 2. FOMENTO DA PERMANENCIA DO ALUMNADO NO SISTEMA EDUCATIVO

- » **L.3.** Implementación de medidas que contribúan a favorecer a continuidade do alumnado na súa formación académica.
- » **L.4.** Impulso da participación activa de toda a comunidade educativa na construción dunha contorna inclusiva e colaborativa.

EIXE 3. REVISIÓN DA NORMATIVA CONFORME Á EVOLUCIÓN DAS NECESIDADES DA COMUNIDADE EDUCATIVA NO ÁMBITO DA INCLUSIÓN

- » **L.5.** Identificación daqueles aspectos da normativa vixente que sexan susceptibles de modificación.
- » **L.6.** Avance no desenvolvemento da normativa existente no ámbito da inclusión educativa.

EIXE 4. OPTIMIZACIÓN DA XESTIÓN EDUCATIVA A TRAVÉS DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL

- » **L.7.** Mellora da eficiencia e da eficacia dos procesos administrativos para fortalecer a atención a todo o alumnado no seu tránsito educativo.

EIXE 5. DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES

- » **L.8.** Potenciación da relación entre a formación inicial e a formación permanente do profesorado para o enriquecemento da práctica docente.

EIXE 6. DESENVOLVEMENTO E SEGUIMENTO DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN EDUCATIVA

- » **L.9.** Cronograma e avaliación da estratexia.

EIXE 1. SENSIBILIZACIÓN SOBRE A IMPORTANCIA DA CULTURA INCLUSIVA

L.1. Promoción da participación activa no desenvolvemento da cultura inclusiva nos centros educativos

A diversidade presente na sociedade actual vese reflectida nos centros educativos onde a heteroxeneidade do alumnado aumentou nos últimos anos como resultado de distintos factores sociais, culturais e económicos. Esta realidade supón unha oportunidade de gran valor para fomentar contornas de aprendizaxe máis inclusivas e enriquecedoras. A diversidade, entón, transfórmase nunha ferramenta que enriquece o proceso educativo, prepara o alumnado para convivir nunha sociedade global e diversa, e contribúe a formar cidadáns críticos, responsables e capaces de innovar nun mundo en constante cambio.

Non obstante, para lograr esta meta, é esencial que todos os implicados no proceso educativo traballen de maneira coordinada para garantir unha contorna inclusiva a todo o alumnado. A administración educativa ten que fomentar a colaboración entre os diferentes axentes que interveñen na educación, coordinar esforzos e desenvolver proxectos conxuntos para avanzar no modelo de educación inclusiva de Galicia.

Obxectivo: impulsar a participación activa de todos os sectores da sociedade para o fortalecemento da cultura inclusiva no sistema educativo.

1. Desenvolvemento dunha campaña de difusión do modelo inclusivo do sistema educativo galego.
.....
2. Creación de contornas colaborativas entre institucións, asociacións e departamentos, facilitando o intercambio de recursos e experiencias para abordar de maneira conxunta as necesidades educativas e sociais.
.....
3. Impulso da colaboración con entidades e asociacións do ámbito da inclusión mediante a sinatura de convenios de colaboración.
.....
4. Deseño de espazos nos centros educativos que favorezan a inclusión e a igualdade de oportunidades no marco do Plan de arquitectura pedagóxica.
.....
5. Impulso da cooperación con institucións educativas internacionais a través da participación en proxectos e iniciativas inclusivas.
.....

L.2. Recoñecemento da implementación de modelos educativos de éxito nos centros docentes

A visibilización das boas prácticas de educación inclusiva facilita que a comunidade educativa coñeza experiencias de éxito e as adapte ao seu propio contexto. Valorar e difundir estas actuacións permite que os centros educativos aprendan uns doutros perfeccionando o traballo docente e favorecendo a innovación nas aulas. Destacar o traballo ben feito fortalece a confianza na capacidade transformadora da educación e impulsa a busca de novos enfoques pedagóxicos, xerando así un impacto positivo na calidade da ensinanza.

Os centros educativos poden traballar na súa propia cultura inclusiva e facilitar o acceso ás boas prácticas que se están a desenvolver no ámbito da inclusión. Iso non soamente enriquece a práctica educativa senón que tamén favorece este traballo. Este intercambio posibilita a identificación de solucións comúns aos desafíos educativos, proporciona un espazo de reflexión e garante a súa permanencia a longo prazo.

Obxectivo 1: potenciar o desenvolvemento de proxectos de inclusión educativa nos centros educativos.

6. Consolidación do Programa para o Impulso de centros referentes na modalidade de Proxectos de Inclusión Educativa.

7. Creación dun Punto de Encontro Virtual como espazo para compartir experiencias, recursos e materiais.

Obxectivo 2: fomentar a difusión das boas prácticas inclusivas.

8. Convocatoria anual do Premio de Boas Prácticas de Educación Inclusiva.

9. Publicación da Guía "Proxectos de éxito de inclusión educativa" que recolla un resumo dos proxectos premiados na convocatoria anual.

EIXE 2. FOMENTO DA PERMANENCIA DO ALUMNADO NO SISTEMA EDUCATIVO

L.3. Implementación de medidas que contribúan a favorecer a continuidade do alumnado na súa formación académica

A loita contra o abandono escolar temperán é unha das principais prioridades do goberno galego. Aínda que o último dato publicado en 2024 mostra que Galicia se atopa por baixo da media española, é fundamental continuar traballando para mellorar as oportunidades de todo o alumnado. A fenda de abandono escolar entre mozos e mozas mantense constante, favorecendo ás mulleres, que abandonan o sistema educativo en menor medida, un 6,5 % en 2024 fronte ao 15 % dos homes .

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional ven de pór en marcha diferentes iniciativas para afrontar esta problemática como o Plan de mellora educativa de Galicia (Plan MEGA) ou o Plan de orientación profesional integral 360.

Obxectivo 1: garantir unha formación básica inclusiva e de calidade.

10. Impulso e diversificación das ofertas de programas formativos e ensinanzas básicas de formación profesional de acordo coas medidas recollidas no Plan de orientación profesional integral, FPGal 360.

.....

11. Fomento das prácticas en empresas que fomenten a inclusión social e laboral.

.....

12. Impulso do apoio e acompañamento personalizado.

.....

Obxectivo 2: posibilitar itinerarios formativos adaptados aos ritmos e necesidades do alumnado.

13. Adopción de medidas metodolóxicas conformes aos principios do Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA).

.....

14. Desenvolvemento de programas de formación para o alumnado en colaboración con entidades e asociacións especializadas en inclusión educativa e laboral.

.....

Obxectivo 3: dinamizar a orientación vocacional e profesional.

15. Mellora do labor orientador mediante a dotación de novos recursos no portal educativo.

16. Desenvolvemento das actuacións no ámbito da orientación vocacional e profesional recollidas no Plan de orientación profesional integral 360.

Obxectivo 4: acompañar nas traxectorias educativas ao alumnado en risco de repetición e abandono do sistema educativo.

17. Creación da Rede galega de aulas hospitalarias.

18. Potenciación dos programas educativos que forman parte do Plan MEGA.

19. Actualización do Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.

20. Impulso das Comisións de absentismo territoriais para facilitar a coordinación de accións co fin de abordar e reducir o absentismo escolar.

21. Regular a colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para garantir a atención educativa hospitalaria das persoas menores de idade en centros do Sistema Público de Saúde de Galicia, e para a atención sanitaria en centros educativos públicos de Galicia.

L.4. Impulso da participación activa de toda a comunidade educativa na construción dunha contorna inclusiva e colaborativa

A educación inclusiva consolidouse como un dos principais desafíos no ámbito educativo actual, e o seu éxito depende da colaboración activa de todos os actores involucrados. Desde as autoridades educativas, encargadas de deseñar políticas que favorezan a equidade, ata os docentes, o alumnado e as familias, todos eles deben ser os protagonistas na construción dunha contorna de respecto e diversidade.

Un compoñente esencial para construír unha contorna inclusiva é garantir que o alumnado participe activamente no seu propio proceso educativo recibindo o apoio docente necesario para que, independentemente das súas circunstancias, teñan a oportunidade de desenvolver o seu potencial nunha contorna que valore a diversidade e a equidade.

O profesorado é unha parte fundamental da inclusión educativa, desempeñando un papel clave na creación dunha contorna de aprendizaxe onde todo o alumnado, independentemente das súas características, poida desenvolverse plenamente. Neste proceso é determinante a súa contribución á transformación da aula nun espazo no que se valore e respecte a diversidade.

A participación activa das familias tamén contribúe a crear un ambiente escolar inclusivo, onde alumnos e alumnas se senten valorados e parte da comunidade educativa. As contornas familiar e educativa deben complementarse xa que unha boa conexión familia-escola non só mellorará o rendemento académico do alumnado senón que contribuirá ao fortalecemento do seu benestar emocional, persoal e social.

Obxectivo 1: favorecer o apoio, a participación e a promoción do alumnado máis vulnerable.

22. Reforzo da dotación de profesorado de apoio e reforzo para aqueles centros educativos nos que se detecte a necesidade de mellorar o nivel das competencias clave do seu alumnado.

.....

23. Desenvolvemento das actuacións enmarcadas no Programa galego de acollida e apoio educativo ao alumnado estranxeiro.

.....

24. Desenvolvemento de novos protocolos de actuación para atender a diversidade do alumnado.

.....

25. Potenciación das Bibliotecas inclusivas que recolle o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

.....

26. Desenvolvemento do programa piloto “Sen límites para a inclusión” dirixido ao alumnado de 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º de educación secundaria. No marco deste programa desenvolveranse obradoiros para traballar o respecto e valorar as diferenzas.

.....

Obxectivo 2: desenvolver iniciativas que contribúan á mellora das condicións e oportunidades de colectivos específicos.

27. Deseño dunha experiencia piloto “Impulso mentor” destinada ao alumnado xitano que estea a cursar a etapa de educación secundaria obrigatoria para o o seu desenvolvemento persoal e académico, en colaboración con asociacións representativas deste colectivo.

.....

28. Implementación do programa de Resposta educativa para o alumnado de altas capacidades, con carácter voluntario, para dar resposta ás súas necesidades educativas, promovendo o seu desenvolvemento integral, intelectual e emocional.

29. Mellora no acceso do alumnado estranxeiro aos programas de diversificación curricular.

Obxectivo 3: reforzar a importancia da participación activa das familias na cultura incluída dos centros educativos.

30. Desenvolvemento de medidas para facilitar a escolarización do alumnado que se atope en situación de acollemento familiar ou en garda con fins de adopción.

31. Impulso do papel das ANPAS nos espazos de representación institucional.

EIXE 3. REVISIÓN DA NORMATIVA CONFORME Á EVOLUCIÓN DAS NECESIDADES DA COMUNIDADE EDUCATIVA NO ÁMBITO DA INCLUSIÓN

L.5. Identificación daqueles aspectos da normativa vixente que sexan susceptibles de modificación

Nun contexto de constante cambio, os novos tempos e as novas realidades sociais, culturais e tecnolóxicas requiren respostas máis adaptadas e recursos máis efectivos. Aínda que a situación de partida é satisfactoria, os desafíos aos que nos enfrontamos son múltiples e variados. Os cambios demográficos, marcados pola diminución da natalidade, obríganos a adaptarnos a unha realidade diferente, mentres que a chegada de estudantes de diversas procedencias ofrece unha valiosa oportunidade para enriquecer o proceso educativo. Ademais, vivimos nunha sociedade cada vez máis plural e diversa, na que a inclusión se posiciona como un valor fundamental, presentando á educación o reto de ser máis equitativa e adaptativa. Doutra banda, o avance tecnolóxico, coa dixitalización e o uso da intelixencia artificial, expón a necesidade de integrar novas ferramentas e metodoloxías nas aulas. Os retos laborais tamén son significativos, esixindo unha oferta de formación profesional aliñada coas demandas do mercado e fortalecendo a colaboración entre centros educativos e empresas. A nivel arquitectónico, faise necesario repensar os espazos educativos para favorecer metodoloxías innovadoras, priorizando, ademais, a sustentabilidade e a eficiencia enerxética na construción e adecuación dos centros.

Estes son algúns dos retos que debemos abordar para avanzar cara a unha educación máis inclusiva, moderna e adaptada aos tempos actuais.

Por tanto, é imprescindible que a normativa educativa se adapte e estructure de maneira que responda a estas novas realidades, especialmente no que respecta á inclusión educativa.

Obxectivo: fortalecer o marco normativo para asegurar unha utilización axeitada dos recursos persoais e materiais.

32. Regulación do procedemento para a dotación, con carácter extraordinario, de persoal docente das especialidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

33. Actualización da Rede de orientación educativa de Galicia para axustala á realidade actual dos centros educativos.

- 34.** Identificación dos centros educativos ordinarios que requiren unidades de educación especial, para implementar unha escolarización combinada que permita ao alumnado con necesidades educativas especiais compartir actividades e espazos que favorezan a súa inclusión.
-

L.6. Avance no desenvolvemento da normativa existente no ámbito da inclusión educativa

A importancia de pór en marcha as actuacións que recolle a normativa reside en que, aínda que estean formalmente establecidas, a súa efectividade depende da súa implementación real. O seu desenvolvemento non só é básico para a consecución dos obxectivos implícitos na normativa senón tamén para asegurar que os recursos, tanto humanos como materiais adicados, non perdan o seu impacto e propósito.

Esta liña de actuación está orientada a transformar aspectos específicos da normativa en actuacións concretas para garantir que a resposta educativa á diversidade do alumnado se concrete en potenciar o seu desenvolvemento persoal e social.

A normativa vixente xa contempla a finalidade de lograr a inclusión efectiva de todo o alumnado polo que é necesario regular aquelas actuacións recollidas nela para asegurar un sistema educativo equitativo e accesible para todas e para todos.

Obxectivo: impulsar a aplicación de marcos reguladores en favor da inclusión de todo o alumnado.

- 35.** Promoción do establecemento de convenios de colaboración entre centros de educación especial e centros que impartan formación profesional para o desenvolvemento de programas piloto de formación básica adaptada.
-

- 36.** Elaboración da normativa que permita o desenvolvemento da formación básica adaptada.
-

- 37.** Consolidación das funcións de asesoramento e apoio dos centros de educación especial aos centros ordinarios.
-

- 38.** Deseño do procedemento para a consideración de centros de escolarización preferente.
-

EIXE 4. OPTIMIZACIÓN DA XESTIÓN EDUCATIVA A TRAVÉS DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL

L.7. Mellora da eficiencia e da eficacia dos procesos administrativos para fortalecer a atención a todo o alumnado no seu tránsito educativo

A xestión eficiente e eficaz dos procedementos administrativos no ámbito educativo é fundamental para garantir o bo funcionamento dos centros, optimizar os recursos dispoñibles e mellorar a experiencia educativa de toda a comunidade. Unha administración eficiente reduce a burocracia innecesaria, axiliza os trámites e permite que docentes e equipos directivos dediquen máis tempo ao seu labor pedagóxico que a xestións administrativas. Ademais, facilita unha distribución equitativa dos recursos, asegurando que cheguen a quen máis os necesitan e no momento axeitado.

Doutra banda, a eficacia nos procedementos garante que as accións levadas a cabo realmente respondan ás necesidades do alumnado, profesorado e familias, promovendo unha educación máis accesible, inclusiva e adaptada aos desafíos actuais. Un sistema administrativo ben organizado fortalece a transparencia, a confianza e a participación da comunidade educativa, creando unha contorna máis colaborativa e orientado á mellora continua.

Obxectivo: facilitar a toma de decisións do alumnado e a comunicación entre as familias, os centros educativos e a administración educativa.

39. Desenvolvemento do expediente dixital do alumnado a través do proxecto Edugalia, facilitando o seguimento e a redución do abandono escolar mediante o emprego de técnicas analíticas avanzadas, incluída a intelixencia artificial.

.....

40. Desenvolvemento dun asistente virtual que sirva de punto de encontro de información e comunicación entre familias e administración educativa no marco do proxecto Edugalia.

.....

41. Optimización do traballo dos departamentos de orientación dos centros educativos a través do desenvolvemento da ferramenta Galorienta.

.....

EIXE 5. DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES

L.8. Potenciación da relación entre a formación inicial e a formación permanente do profesorado para o enriquecemento da práctica docente

A calidade do ensino está estreitamente ligada á formación e evolución profesional do profesorado. Contar cunha preparación inicial sólida é fundamental para dotar aos futuros docentes das ferramentas necesarias para afrontar a diversidade da aula e os retos do sistema educativo. Neste sentido, a colaboración coas universidades resulta clave para garantir unha formación de calidade, aliñada coas necesidades actuais dos centros educativos. Con todo, nun contexto en constante cambio, esta formación debe complementarse cunha actualización continua que lles permita responder a novas metodoloxías, avances tecnolóxicos e enfoques pedagóxicos máis inclusivos. A formación permanente non só mellora as competencias individuais do profesorado, senón que tamén fortalece o conxunto do sistema educativo, asegurando unha resposta adecuada aos cambios sociais, científicos e tecnolóxicos.

O profesorado galego mantén un firme compromiso coa actualización constante dos seus coñecementos e habilidades, entendendo que a formación continua é clave para responder aos desafíos educativos actuais. A través da súa participación en programas de capacitación, cursos especializados e o intercambio de boas prácticas, o profesorado reforza as súas competencias pedagóxicas e metodolóxicas. Este esforzo non só enriquece o seu desenvolvemento profesional, senón que tamén se traduce nun ensino máis innovador e adaptado ás necesidades do alumnado. Ao incorporar novas estratexias didácticas, ferramentas tecnolóxicas e enfoques inclusivos, o profesorado garante que os alumnos e alumnas reciban unha educación de calidade, aliñada cos avances e esixencias do mundo actual. Así, a actualización docente convértese nun pilar fundamental do sistema educativo galego, asegurando que a aprendizaxe nas aulas evolucione de maneira dinámica e en sintonía cunha sociedade en constante cambio.

Obxectivo 1: promover a integración da perspectiva inclusiva e o uso de metodoloxías innovadoras na formación inicial do profesorado.

42. Organización de mesas de diálogo e grupos de traballo entre as universidades galegas e representantes dos centros educativos para colaborar nun contexto real e inclusivo.

43. Coordinación coas universidades galegas para promover a perspectiva inclusiva e as metodoloxías innovadoras e inclusivas nos programas formativos do máster universitario en Profesorado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas.

Obxectivo 2: ofertar unha formación especializada ao profesorado.

44.Reforzo da formación continua do profesorado no ámbito da inclusión educativa no marco do Plan anual de formación do profesorado.

45.Impulso da difusión e transferencia de coñecemento no campo da inclusión educativa coa celebración anual do Congreso de Educación Inclusiva.

Obxectivo 3: promover a utilización de recursos tecnolóxicos que favorezan a atención individualizada do alumnado con necesidades educativas especiais.

46.Inclusión de recursos dixitais que favorezan a práctica e o reforzo personalizado en diferentes áreas.

47. Integración das tecnoloxías nas contornas de ensinanza-aprendizaxe.

48.Uso de materiais accesibles que permitan a participación activa do alumnado en contornas dixitais adaptadas ás necesidades específicas do alumnado.

EIXE 6. DESENVOLVEMENTO E SEGUIMENTO DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN EDUCATIVA

L.9. Cronograma e avaliación da estratexia

Un aspecto fundamental na planificación desta estratexia é garantir que a súa implementación logre os resultados esperados. Para iso, é imprescindible establecer un mecanismo de avaliación que permita medir o impacto real das accións desenvolvidas dentro dela. Esta avaliación debe incluír un seguimento continuo e un control rigoroso dos obxectivos expostos, así como das iniciativas deseñadas para alcanzalos. A través deste proceso será posible analizar os logros obtidos, identificar posibles desviacións e realizar os axustes necesarios para optimizar a súa efectividade.

Obxectivo 1: seguimento do grao de implementación da estratexia no período do seu desenvolvemento.

49. Realización de reunións periódicas entre os diferentes axentes involucrados na estratexia para analizar o seu progreso.

.....

Obxectivo 2: identificar os aspectos da estratexia que precisen de axustes para mellorar a súa efectividade.

50. Seguimento dos resultados do desenvolvemento da estratexia mediante a recompilación e revisión de datos relevantes relacionados cos obxectivos desta.

.....

5. INDICADORES

LIÑAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS	ACCIÓN	INDICADORES
Liña 1 Promoción da participación activa no desenvolvemento da cultura inclusiva nos centros educativos	Obxectivo Impulsar a participación activa de todos os sectores da sociedade para o fortalecemento da cultura inclusiva no sistema educativo	1. Desenvolvemento dunha campaña de difusión do modelo inclusivo do sistema educativo galego.	Deseño da campaña: SI/NON Difusión da campaña: SI/NON
		2. Creación de contornas colaborativas entre institucións, asociacións e departamentos, facilitando o intercambio de recursos e experiencias para abordar de maneira conxunta as necesidades educativas e sociais.	Creación da contorna: SI/NON Número de entidades participantes
		3. Impulso da colaboración con entidades e asociacións do ámbito da inclusión mediante a sinatura de convenios de colaboración.	Realización de convenios: SI/NON Número de convenios asinados
		4. Deseño de espazos nos centros educativos que favorezan a inclusión e a igualdade de oportunidades no marco do Plan de arquitectura pedagóxica.	Deseño de espazos: SI/NON Número de centros con espazos que favorezan a inclusión
		5. Impulso da cooperación con institucións educativas internacionais a través da participación en proxectos e iniciativas inclusivas.	Realización de proxectos internacionais: SI/NON Número de proxectos nos que se participa
Liña 2 Recoñecemento da implementación de modelos educativos de éxito nos centros docentes	Obxectivo 1 Potenciar o desenvolvemento de proxectos de inclusión educativa nos centros educativos	6. Consolidación do Programa para o Impulso de centros referentes na modalidade de Proxectos de Inclusión Educativa.	Continuidade do programa: SI/NON Número de centros participantes na modalidade de PIE
		7. Creación dun Punto de Encontro Virtual como espazo para compartir experiencias, recursos e materiais.	Creación do Punto de Encontro Virtual: SI/NON
	Obxectivo 2 Fomentar a difusión das boas prácticas inclusivas	8. Convocatoria anual do Premio de Boas Prácticas de Educación Inclusiva.	Convocatoria do premio: SI/NON
		9. Publicación da Guía "Proxectos de éxito de inclusión educativa" que recolla un resumo dos proxectos premiados na convocatoria anual.	Publicación da guía: SI/NON

LIÑAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS	ACCIÓN	INDICADORES
Liña 3 Implementación de medidas que contribúan a favorecer a continuidade do alumnado na súa formación académica	Obxectivo 1 Garantir unha formación básica inclusiva e de calidade	10. Impulso e diversificación das ofertas de programas formativos e ensinanzas básicas de formación profesional de acordo coas medidas recollidas no Plan de orientación profesional integral, FPGal 360.	Impulso destes programas: SI/NON Diversificación da oferta: SI/NON
		11. Fomento das prácticas en empresas que fomenten a inclusión social e laboral.	Fomento das prácticas en empresas inclusivas: SI/NON Número de prácticas en empresas inclusivas
		12. Impulso do apoio e acompañamento personalizado.	Realización de apoios e acompañamentos personalizados: SI/NON Número de persoas beneficiadas
	Obxectivo 2 Posibilitar itinerarios formativos adaptados aos ritmos e necesidades do alumnado	13. Adopción de medidas metodolóxicas conformes aos principios do Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA).	Adopción destas medidas: SI/NON
		14. Desenvolvemento de programas de formación para o alumnado en colaboración con entidades e asociacións especializadas en inclusión educativa e laboral.	Desenvolvemento destes programas: SI/NON Número de accións formativas desenvoltas Número de alumnado beneficiado
	Obxectivo 3 Dinamizar a orientación vocacional e profesional	15. Mellora do labor orientador mediante a dotación de novos recursos no portal educativo.	Incorporación de novos recursos no portal educativo: SI/NON
		16. Desenvolvemento das actuacións no ámbito da orientación vocacional e profesional recollidas no Plan de orientación profesional integral 360.	Desenvolvemento destas actuacións: SI/NON Número de actuacións desenvoltas

LIÑAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS	ACCIÓN	INDICADORES
Liña 3 Implementación de medidas que contribúan a favorecer a continuidade do alumnado na súa formación académica	Obxectivo 4 Acompañar nas traxectorias educativas ao alumnado en risco de repetición e abandono do sistema educativo	17. Creación da Rede galega de aulas hospitalarias.	Creación da rede: SI/NON Número de aulas hospitalarias na rede
		18. Potenciación dos programas educativos que forman parte do Plan MEGA.	Potenciación dos programas: SI/NON Número de programas desenvolvidos
		19. Actualización do Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.	Actualización deste protocolo: SI/NON
		20. Impulso das Comisións de absentismo territoriais para facilitar a coordinación de accións co fin de abordar e reducir o absentismo escolar.	Impulso destas comisións: SI/NON Número de comisións celebradas
		21. Regular a colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para garantir a atención educativa hospitalaria das persoas menores de idade en centros do Sistema Público de Saúde de Galicia e para a atención sanitaria en centros educativos públicos de Galicia.	Creación do marco regulatorio de colaboración destas consellerías: SI/NON

LIÑAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS	ACCIÓN	INDICADORES
Liña 4 Impulso da participación activa de toda a comunidade educativa na construción dunha contorna inclusiva e colaborativa	Obxectivo 1 Favorecer o apoio, a participación e a promoción do alumnado máis vulnerable	22. Reforzo da dotación de profesorado de apoio e reforzo para aqueles centros educativos nos que se detecte a necesidade de mellorar o nivel das competencias clave do seu alumnado.	Reforzo da dotación deste profesorado: SI/NON Número de profesorado de apoio e reforzo
		23. Desenvolvemento das actuacións enmarcadas no Programa galego de acollida e apoio educativo ao alumnado estranxeiro.	Desenvolvemento destas actuacións: SI/NON
		24. Desenvolvemento de novos protocolos de actuación para atender a diversidade do alumnado.	Desenvolvemento dos protocolos: SI/NON Número de protocolos desenvolvidos
		25. Potenciación das Bibliotecas inclusivas que recolle o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.	Potenciación das Bibliotecas inclusivas: SI/NON Número de Bibliotecas inclusivas
		26. Desenvolvemento do programa piloto "Sen límites para a inclusión" dirixido ao alumnado de 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º de educación secundaria. No marco deste programa desenvolveranse obradoiros para traballar o respecto e valorar as diferenzas.	Desenvolvemento do programa: SI/NON Número de obradoiros Número de alumnado beneficiado
	Obxectivo 2 Desenvolver iniciativas que contribúan á mellora das condicións e oportunidades de colectivos específicos	27. Deseño dunha experiencia piloto "Impulso mentor" destinada ao alumnado xitano que estea a cursar a etapa de educación secundaria obrigatoria para o seu desenvolvemento persoal e académico, en colaboración con asociacións representativas deste colectivo.	Deseño da experiencia piloto: SI/NON Posta en marcha da experiencia: SI/NON Número de asociacións participantes Número de alumnado beneficiado
		28. Implementación do programa de Resposta educativa para o alumnado de altas capacidades, con carácter voluntario, para dar resposta ás súas necesidades educativas, promovendo o seu desenvolvemento integral, intelectual e emocional.	Posta en marcha do programa: SI/NON Número de persoas atendidas
		29. Mellora no acceso do alumnado estranxeiro aos programas de diversificación curricular.	Aplicación de melloras: SI/NON Número de alumnado estranxeiro participante nos PDC

LIÑAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS	ACCIÓN	INDICADORES
Liña 4 Impulso da participación activa de toda a comunidade educativa na construción dunha contorna inclusiva e colaborativa	Obxectivo 3 Reforzar a importancia da participación activa das familias na cultura inclusiva dos centros educativos	30. Desenvolvemento de medidas para facilitar a escolarización do alumnado que se atope en situación de acollemento familiar ou en garda con fins de adopción.	Desenvolvemento de medidas: SI/NON Número de alumnado nesta situación
		31. Impulso do papel das ANPAS nos espazos de representación institucional.	Aplicación de medidas de impulso: SI/NON Número de ANPAS participantes
Liña 5 Identificación daqueles aspectos da normativa vixente que sexan susceptibles de modificación	Obxectivo Fortalecer o marco normativo para asegurar unha utilización axeitada dos recursos persoais e materiais	32. Regulación do procedemento para a dotación, con carácter extraordinario, de persoal docente das especialidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.	Creación da regulación: SI/NON Aplicación da regulación: SI/NON Número de casos nos que se aplica o procedemento
		33. Actualización da Rede de orientación educativa de Galicia para axustala á realidade actual dos centros educativos.	Actualización da rede: SI/NON
		34. Identificación dos centros educativos ordinarios que requiren unidades de educación especial, para implementar unha escolarización combinada que permita ao alumnado con necesidades educativas especiais compartir actividades e espazos que favorezan a súa inclusión.	Identificación dos centros: SI/NON Número de centros Número de unidades Número de alumnado beneficiado
Liña 6 Avance no desenvolvemento da normativa existente no ámbito da inclusión educativa	Obxectivo Impulsar a aplicación de marcos reguladores en favor da inclusión de todo o alumnado	35. Promoción do establecemento de convenios de colaboración entre centros de educación especial e centros que impartan formación profesional para o desenvolvemento de programas piloto de formación básica adaptada.	Número de convenios subscritos
		36. Elaboración da normativa que permita o desenvolvemento da formación básica adaptada.	Elaboración da normativa: SI/NON
		37. Consolidación das funcións de asesoramento e apoio dos centros de educación especial aos centros ordinarios.	Número de centros asesorados
		38. Deseño do procedemento para a consideración de centros de escolarización preferente.	Deseño do procedemento: SI/NON

LIÑAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS	ACCIÓN	INDICADORES
Liña 7 Mellora da eficiencia e da eficacia dos procesos administrativos para fortalecer a atención a todo o alumnado no seu tránsito educativo.	Obxectivo Facilitar a toma de decisión do alumnado e a comunicación entre as familias, os centros educativos e a administración educativa	39. Desenvolvemento do expediente dixital do alumnado a través do proxecto Edugalia, facilitando o seguimento e a redución do abandono escolar mediante o emprego de técnicas analíticas avanzadas, incluída a intelixencia artificial.	Posta en marcha do expediente dixital: SI/NON Porcentaxe de abandono escolar temperán
		40. Desenvolvemento dun asistente virtual que sirva de punto de encontro de información e comunicación entre familias e administración educativa no marco do proxecto Edugalia.	Desenvolvemento do asistente: SI/NON Número de familias usuarias
		41. Optimización do traballo dos departamentos de orientación dos centros educativos a través do desenvolvemento da ferramenta Galorienta.	Desenvolvemento da ferramenta: SI/NON
Liña 8 Potenciación da relación entre a formación inicial e a formación permanente do profesorado para o enriquecemento da práctica docente	Obxectivo 1 Promover a integración da perspectiva inclusiva e o uso de metodoloxías innovadoras na formación inicial do profesorado	42. Organización de mesas de diálogo e grupos de traballo entre as universidades galegas e representantes dos centros educativos para colaborar nun contexto real e inclusivo.	Organización de mesas de traballo: SI/NON Número de mesas celebradas
		43. Coordinación coas universidades galegas para promover a perspectiva inclusiva e as metodoloxías innovadoras e inclusivas nos programas formativos do máster universitario en Profesorado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas.	Coordinación coas universidades: SI/NON Incorporación de perspectiva inclusiva nos programas formativos: SI/NON
	Obxectivo 2 Ofertar unha formación especializada ao profesorado	44. Reforzo da formación continua do profesorado no ámbito da inclusión educativa no marco do Plan anual de formación do profesorado.	Número de actividades ofertadas con relación coa temática
		45. Impulso da difusión e transferencia de coñecemento no campo da inclusión educativa coa celebración anual do Congreso de Educación Inclusiva.	Celebración do congreso: SI/NON Número de persoas participantes

LIÑAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS	ACCIÓN	INDICADORES
Liña 8 Potenciación da relación entre a formación inicial e a formación permanente do profesorado para o enriquecemento da práctica docente	Obxectivo 3 Promover a utilización de recursos tecnolóxicos que favorezan a atención individualizada do alumnado con necesidades educativas especiais	46. Inclusión de recursos dixitais que favorezan a práctica e o reforzo personalizado en diferentes áreas.	Inclusión de recursos dixitais: SI/NON
		47. Integración das tecnoloxías nas contornas de ensinanza-aprendizaxe.	Integración de tecnoloxías nas contornas de ensinanza-aprendizaxe: SI/NON
		48. Uso de materiais accesibles que permitan a participación activa do alumnado en contornas dixitais adaptadas ás necesidades específicas do alumnado.	Uso de materiais accesibles en contornas dixitais: SI/NON
Liña 9 Cronograma e avaliación da estratexia	Obxectivo 1 Seguimento do grao de implementación da estratexia no período do seu desenvolvemento	49. Realización de reunións periódicas entre os diferentes axentes involucrados na estratexia para analizar o seu progreso.	Realización de reunións: SI/NON
	Obxectivo 2 Identificar os aspectos da estratexia que precisen de axustes para mellorar a súa efectividade	50. Seguimento dos resultados do desenvolvemento da estratexia mediante a recompilación e revisión de datos relevantes relacionados cos obxectivos desta.	Realización do seguimento: SI/NON

6. CRONOGRAMA

EIXE	LIÑAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS	TEMPORIZACIÓN
Eixe 1	Liña 1 Promoción da participación activa no desenvolvemento da cultura inclusiva nos centros educativos	Obxectivo Impulsar a participación activa de todos os sectores da sociedade para o fortalecemento da cultura inclusiva no sistema educativo	Período 2025-2027
	Liña 2 Recoñecemento da implementación de modelos educativos de éxito nos centros docentes	Obxectivo 1 Potenciar o desenvolvemento de proxectos de inclusión educativa nos centros educativos	Período 2025-2030
		Obxectivo 2 Fomentar a difusión das boas prácticas inclusivas	
Eixe 2	Liña 3 Implementación de medidas que contribúan a favorecer a continuidade do alumnado na súa formación académica	Obxectivo 1 Garantir unha formación básica inclusiva e de calidade	Período 2025-2028
		Obxectivo 2 Posibilitar itinerarios formativos adaptados aos ritmos e necesidades do alumnado	
		Obxectivo 3 Dinamizar a orientación vocacional e profesional	
		Obxectivo 4 Acompañar nas traxectorias educativas ao alumnado en risco de repetición e abandono do sistema educativo	
	Liña 4 Impulso da participación activa de toda a comunidade educativa na construción dunha contorna inclusiva e colaborativa	Obxectivo 1 Favorecer o apoio, a participación e a promoción do alumnado máis vulnerable	Período 2025-2028
		Obxectivo 2 Desenvolver iniciativas que contribúan á mellora das condicións e oportunidades de colectivos específicos	
		Obxectivo 3 Reforzar a importancia da participación activa das familias na cultura inclusiva dos centros educativos	

EIXE	LIÑAS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS	TEMPORIZACIÓN
Eixe 3	Liña 5 Identificación daqueles aspectos da normativa vixente que sexan susceptibles de modificación	Obxectivo Fortalecer o marco normativo para asegurar unha utilización axeitada dos recursos persoais e materiais	Período 2025-2030
	Liña 6 Avance no desenvolvemento da normativa existente no ámbito da inclusión educativa	Obxectivo Impulsar a aplicación de marcos reguladores en favor da inclusión de todo o alumnado	Período 2025-2030
Eixe 4	Liña 7 Mellora da eficiencia e da eficacia dos procesos administrativos para fortalecer a atención a todo o alumnado no seu tránsito educativo	Obxectivo Facilitar a toma de decisións do alumnado e a comunicación entre as familias, os centros educativos e a administración educativa	Período 2026-2030
Eixe 5	Liña 8 Potenciación da relación entre a formación inicial e a formación permanente do profesorado para o enriquecemento da práctica docente	Obxectivo 1 Promover a integración da perspectiva inclusiva e uso de metodoloxías innovadoras na formación inicial do profesorado	Período 2025-2028
		Obxectivo 2 Ofertar unha formación especializada ao profesorado	Período 2026-2028
		Obxectivo 3 Promover a utilización de recursos tecnolóxicos que favorezan a atención individualizada do alumnado con necesidades educativas especiais	
Eixe 6	Liña 9 Cronograma e avaliación da estratexia	Obxectivo 1 Seguimento do grao de implementación da estratexia no período do seu desenvolvemento	Período 2025-2030
		Obxectivo 2 Identificar os aspectos da estratexia que precisen de axustes para mellorar a súa efectividade	

7. BIBLIOGRAFÍA

- » **Ainscow, M. (2017):** *Haciendo que las escuelas sean más inclusivas: lecciones a partir del análisis de la investigación internacional*. Revista de Educación Inclusiva, 5 (1)
.....
- » **Alba, C. (2016):** *Diseño Universal para el Aprendizaje: Educación para todos y prácticas de enseñanza inclusivas*. Madrid: Morata.
.....
- » **Booth, T. and Ainscow, M. (2002):** *Index for Inclusion: developing learning and participation in schools*. London: CSIE
.....
- » **Collet, Naranjo y Soldevilla (2024):** *Educación inclusiva global*
.....
- » **Comisión Europea ; Agencia Ejecutiva Europea de Educación y Cultura (2023):** *Promoting diversity and inclusion in schools in Europe*
.....
- » **Delors, Jacques et al. (1996):** *La educación encierra un tesoro. Informe a la UNESCO de la Comisión Internacional sobre la Educación para el Siglo XXI*. [s.l.]: UNESCO.
.....
- » **Marchesi, A. (2017):** *De la educación especial a la educación inclusiva*. En Marchesi, Coll y Palacios, *Desarrollo psicológico y educación. Respuestas educativas a las dificultades de aprendizaje y del desarrollo Vol. 3*. Alianza editorial. Madrid.
.....
- » **OECD Education Policy Perspectives:** June 2023 No. 71. Propuestas para un plan de acción para reducir el abandono escolar temprano en España
.....
- » **UNESCO (2020):** *Inclusión y educación: todos y todas sin excepción*
.....
- » **Valls-Carol, V. Prados-Gallardo, M. Aguilera-Jiménez, A. (2014):** *El proyecto incluido: estrategias para la inclusión y la cohesión social en Europa desde la educación*. Investigación en la escuela. ISSN 0213-7771.
.....



XUNTA
DE GALICIA